

23/02/2024

NOTIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS

Cryphonectria parasitica (CANCRO DO CASTIÑEIRO)

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto Cryphonectria parasitica.

As cepas hipovirulenta inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomosis hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizaranse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

Durante a primavera e o outono realízanse Inoculacións de cepas hipovirulentas (hv) de maneira gratuíta. Para participar no programa de distribución de cepas hipovirulentas durante o ano 2.024 deberá cubrir a solicitude que se atopa na páxina web da Consellería do Medio Rural: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/sanidade-forestal>, que se pode presentar:

- Xefaturas territoriais.
- Servizos Provincias de Montes.
- Oficinas dos Distritos Forestais e Agrarias Comarcais
- Ou no correo electrónico: sanidadeforestal.cmr@xunta.gal

Durante a semana do 14 a 16 de febreiro realizaranse tratamentos en:

PROVINCIA	CONCELLO	PARROQUIA
OURENSE	VILAMARIN	
OURENSE	A PEROXA	